



A Dirección Xeral de Xuventude, como participante da Campaña de verán 2025, no programa de **intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas**, infórmate sobre a túa incorporación:

ACTIVIDADE

Cienciaventura. Comunidade Autónoma de Estremadura (Cáceres)

Datas: **do 14 ao 23 de xullo de 2025**

Instalación: **Centro de Formación "Joaquín Sama"**. Avenida das Termas, 55 - 10750 Baños de Montemayor (Cáceres)

Teléfono: 927 488 393

SAÍDA

DATA: **14 de xullo de 2025**

HORA: **9:00 horas**

LUGAR DE SAÍDA: **Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia** (Entrada Principal) R/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n. San Lázaro 15703 Santiago de Compostela

REGRESO

DATA: **23 de xullo de 2025**

HORA DE SAÍDA: **Despois do almuerzo** (a hora aproximada de chegada será comunicada telefonicamente polas persoas participantes)

NOTAS:

1. Podes levar comida para a viaxe de ida.
2. As persoas participantes nesta actividade irán acompañados dun monitor da Dirección Xeral de Xuventude.
3. A equipaxe ten que ser moderada. A capacidade do autobús é limitada e, polo tanto, o exceso de equipaxe quedará en terra.
4. No caso de non ter entregado o modelo de **autorización para facer fotografías** durante o desenvolvemento dos campamentos, asinada polos teus pais ou titores, poderás facelo o día da saída. Tamén deberás entregar a **autorización para a túa recollida** (só no caso de que non sexan os teus pais ou titores os que te recollan á volta). Estas autorizacións debes entregarllas ao monitor acompañante cando te incorpores ao autobús.
5. **Equipamento e documentación.** Comproba as indicacións da **Información xeral de Joaquín Sama** (na segunda páxina deste documento).

COMUNICACIÓN (importante)

Se levas teléfono móbil, lembra que, debido a situación das instalacións, pode haber dificultades de cobertura. Na instalación determinaranse as horas concretas para a comunicación telefónica. **Non chamar directamente a instalación salvo en caso de urxencia.**



Centro de Formación Joaquín Sama (Baños de Montemayor). Cienciaventura

Características da instalación

O edificio está situado na Avenida das Termas, xunta o balneario que da nome ao pobo. A instalación conta con: habitacións dobres con baño, comedor, sala de televisión, sala de usos múltiples e aula de informática.

Actividades

Astronomía, realidade virtual, robótica e voo con drons, toma de contacto con máquinas 3D, outras experiencias que relacionen a ciencia e a tecnoloxía con accións cotiás, deportes ao aire libre, itinerarios ambientais, sendeirismo e rutas, visitas de interese cultural, excursións, animación, obradoiros, xogos e veladas.

NOTA: para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

Equipamento persoal

Documentación necesaria

- DNI ou pasaporte
- Tarxeta sanitaria da Seguridade Social ou outro tipo de seguro médico
- **Certificado ou informe médico obrigatorio en casos de dietas especiais, medicación ou enfermidades.**

Material recomendado

- Calzado adecuado, roupa cómoda e de abrigo
- Lanterna con recambio de pilas, cantimplora, bolsa para a roupa sucia.
- Bañador, chanclas, toalla de piscina, crema solar, gafas de sol
- Mochila pequena para excursións. Saco de durmir e esterilla.
- Toallas e útiles de aseo persoal.